



AUTOINFORME DE SEGUIMIENTO

Máster Universitario en Matemática Industrial



Curso Académico: Curso 2018-2019

- [Datos da universidade e do título obxecto do seguimento](#)
- [Cumprimento do proxecto establecido](#)
 - Dimensión 1. A xestión do título
 - [Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)
 - [Criterio 2. Información e transparencia](#)
 - [Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)
 - Dimensión 2. Recursos humanos
 - [Criterio 4. Recursos Humanos](#)
 - [Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)
 - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
 - [Criterio 6. Resultados da aprendizaxe](#)
 - [Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)
- [Modificacións do plan de estudos](#)
- [Listaxe de evidencias e indicadores](#)
- Plan de Melloras
 - Abertas Curso 2018-2019
 - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
 - Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
 - Criterio 4 - Recursos humanos
 - Criterio 5 - Recursos materiais
 - Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
 - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
 - Criterios anteriores a curso 2017/2018
 - [AM-2](#)
 - [AM-4](#)
 - Finalizadas Curso 2018-2019
 - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
 - Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
 - Criterio 4 - Recursos humanos
 - Criterio 5 - Recursos materiais
 - [AM-1](#)
 - [AM-2](#)
 - Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
 - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
 - Outros criterios
 - [AM-3](#)

<u>1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO</u>	
Denominación do título	Máster Universitario en Matemática Industrial
Mencións/Especialidades	- Especialidade en simulación numérica - Especialidade en modelización matemática
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	- Universidade de Santiago de Compostela - Universidade de A Coruña - Universidade de Vigo - Universidad Carlos III de Madrid - Universidad Politécnica de Madrid
Centro responsable	Facultade de Matemáticas
Centro/s onde se imparte	- Facultad de Matemáticas (Universidade de Santiago de Compostela) - Facultad de Informática (Universidade de A Coruña) - Escuela de Ingeniería de Telecomunicación (Universidade de Vigo) - Centro de Postgrao (Universidad Carlos III de Madrid) - Escuela Técnica Superior de Ingeniería Aeronáutica y del Espacio (Universidad Politécnica de Madrid)
Rama de coñecemento	Enxeñaría e Arquitectura
Número de créditos	90 ECTS
Profesión regulada	No
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	- 2013/2014 (USC, UDC, Uvigo) - 2014/2015 (UC3M, UPM)
Data acreditación ex ante (verificación)	25/09/2013
Data renovación acreditación	11/07/2017

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Máster en Matemática Industrial renovou a súa acreditación durante o curso 2016-2017, proceso para o que tivo que presentar un autoinforme coa análise detallada de todos os criterios e aspectos establecidos pola Guía para o seguimento e acreditación de títulos oficiais de grao e mestrado da ACSUG. O informe favorable da ACSUG emitíuse o 21 de xuño de 2017, obtendo finalmente a resolución do Consejo de Universidades o 11 de xullo de 2017.

O autoinforme de renovación da acreditación (IRA) pode consultarse no seguinte enderezo: [autoinforme de renovación da acreditación](#).

Segundo foi analizado no informe de acreditación o título (a partir da páxina 4) mantén a súa relevancia e actualización e non hai cambios no curso obxecto do seguimento.

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No curso obxecto do informe (2018-2019) desenvolvéronse os seguintes cambios, tal e como acordou a Comisión Académica do Máster (CAM) e consta na acta do 12 de febreiro de 2019:

1. Como foi solicitado a USC e as diferentes universidades para unha mellor identificación cos contidos das mesmas e a proposta inicialmente dos coordinadores das “asignaturas” cambian de denominación:
 - Electromagnetismo e Óptica, por Electromagnetismo
 - Software de Electromagnetismo e Óptica, por Software de Electromagnetismo.

Estes cambios prodúcense na materia de “Modelización Básica” e que figura no Módulo de “Especialización en Modelización Matemática” e tamén no “Módulo de Especialización en Simulación Numérica”.

Deixase de impartir pola pouca demanda e as restricións de número de estudantes na UPM “MEMS Fluído-térmicos e Power-MEMS”, de 6 ECTS, que estaba asignada á UPM, e propónse como nova: “Técnicas de Modelado Reducido”, tamén de 6 ECTS e a cargo da UPM. A proposta está motivada pola relevancia que están acadando estas técnicas, e enmárcase dentro do compromiso de actualizar as materias atendendo ao interese académico e á actualización dos mesmos. Este cambio prodúcese dentro a materia de “Modelización Avanzada” no “Módulo de Especialización en Modelización Matemática”.

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A análise da coordinación foi un dos puntos fortes detectados durante o proceso de acreditación do título e pode consultarse no autoinforme de renovación da acreditación (a partir da páxina 20). Non houbo cuestións relevantes. Os indicadores que dan conta da coordinación nos informes das diferentes universidades seguen a ser positivos.

No informe [4314422_INF.13_2017_2018.pdf](#) da USC, á pregunta “Considero que hai coordinación entre os/as distintos/as profesores/as da materia (responde soamente se tes máis de un/unha profesor/a nesta materia)” acada uns valores de 4.0 e 4.57 nos cursos 2016-17 e 2017-18, respectivamente. Semellante á do profesorado ante a mesma pregunta, os valores son de 4.3 e 4.6 para os mesmos cursos. Non hai datos no curso 2018-19 pola simplificación das enquisas realizadas no curso obxecto do informe. Os docentes valoran axeitadamente a coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título: 3.79, 3.83 e 3.44 nos cursos 2016-17, 2017-18 e 2018-19, respectivamente. Estes datos forman parte dos informes [4314422_INF.14_2017_2018.pdf](#) e [4314422_INF.14_2018-2019.pdf](#).

Seguimos mantendo a coordinación académica e apelamos a coordinación institucional que agradecemos sexa unha das accións de mellora no Plan de melloras da USC curso 2018-19 (AM-01. Mellorar a Xestión de títulos interuniversitarios, http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/es/servizos/calidade/descargas/SGIC/M22_Plan-de-Melloras-Bianual-ACMP_150319.pdf ver px. 7), por ser a universidade coordinadora. Ante esta Acción de mellora da USC, xa non a definimos no presente informe.


A **conexión** do programa formativo do M2i coa **empregabilidade** refórzase especialmente dentro do módulo **Traballo Fin de Máster** (TFM). A **Normativa do TFM** desenvolve os contidos e procedementos da materia TFM que se detalla tamén na MVT.

Os 30 ECTS asignados a este módulo están conformados por 12 ECTS de actividades formativas (AF) e 18 ECTS ao proxecto fin de máster (PFM) que desenvolve a/o estudante con dous titores, como se comenta no apartado de titorización. Dentro das actividades formativas contémpanse 3 ECTS dedicados a **prácticas en empresas** e outros 3 ECTS a **prácticas en departamentos**. A porcentaxe do total das prácticas é do **6,66%**.

No informe de **acreditación** foi salientado como punto forte pola comisión externa: “Para las prácticas (son una actividad formativa del TFM) se cuenta con un tutor académico y otro en la empresa. Se definen unos planes de trabajo que se recogen en los correspondientes acuerdos. Además, las prácticas se documentan con informes de los estudiantes y de los tutores, que emiten la calificación y es considerada dentro de la evaluación del TFM con una asignación de 3 ECTS. Estas están muy bien valoradas

por los estudiantes.”

No seguinte cadro cuantificamos todas as prácticas realizadas nos últimos catro cursos rematados. Analizamos as prácticas ofertadas, as remuneradas e as realizadas, detallando tanto o total dos catro cursos como cada un deles.



Actualmente o M2i ten asinados convenios de colaboración entre las cinco universidades as seguintes empresas:

1. ALMIS Informática Financiera. www.almis.com
2. Análisis y simulación, S.L. www.analisisysimulacion.com/
3. ArcelorMittal Centro de Servicios Compartidos, S.L. span.arcelormittal.com/
4. Basque Center for Applied Mathematics (BCAM). www.bcmath.org
5. Centro de Tecnología Biomédica UPM. www.ctb.upm.es
6. Centro Tecnológico de Automoción de Galicia. www.ctag.es
7. Centro Tecnológico de Supercomputación de Galicia. www.cesga.es
8. CO2 Smart Tech, S.A. www.co2st.es/
9. Embention Sistemas Inteligentes. www.embention.com
10. Endesa Generacion, SA. www.endesa.es
11. Espina Obras Hidráulicas. www.espina.es
12. Etulos Solute. www.solute.es/
13. Factorias Vulcano, S.A. www.factoriasvulcano.com/
14. Fundación CIDAUT. www.cidaut.es
15. Fundación CIDETEC. www.cidetec.es
16. Fundación Instituto de Hidráulica Ambiental de Cantabria. www.ihcantabria.com
17. Fundación Ramón Domínguez. www.fundacionramondominguez.es
18. GMV Aerospace & Defence SAU. www.gmv.com/en
19. Idealos. www.idealos.es
20. Ikerlan S. Coop. www.ikerlan.es
21. Instituto Tecnológico de Matemática Industrial. www.itmati.com
22. Last Mile Team. www.lastmile.team
23. Mathlas Consulting, S.L. mathlas.com/
24. Mestrelab Research, S.L. mestrelab.com
25. Next Limit Dynamics S.L. www.nextlimit.com
26. IDENER. www.lastmile.team
27. Rodman Polyship. rodman.es
28. Russula, S.A. www.russula.com

29. Silicio FerroSolar, S.L. www.ferroatlantica.es
30. Tecnologías Avanzadas Inspiralía, S.L. www.inspiralia.com/
31. Televés. www.televes.com

É importante salientar que algúns **estudantes no segundo curso do M2i xa están contratados** polas empresas e grupos de investigación que propoñen o tema do PFM. Hai estudantes que solicitan o recoñecemento das prácticas en empresas, para os 12 créditos de actividades formativas, pero, pola pluralidade das mesmas, para a maioría xa conforman a súa experiencia laboral. Como se indica no [Informe sobre satisfacción e empleabilidade](#) máis dun 43% tivo relación contractual coa empresa que propuxo o tema do PFM. En dito informe tamén se analiza desde a enquisa o total de prácticas realizadas.

Como se recolle no [autoinforme](#) de renovación da acreditación, o 88.9% indican que cumpriron as súas expectativas cunha valoración de 4 e 5. A atención recibida polos titores profesionais (terminoloxía empregada na enquisa) para un 94,5% alcanza unha valoración de 4 e 5. A información, orientación e atención prestada por parte do seu titor/a en a universidade tamén é moi positiva; un 88.9% sinala valores 4 e 5.

As propostas das empresas son anunciadas aos estudantes, que as solicitan no prazo establecido. Desde a CA **envíanse as propostas de candidatos ás empresas** para que procedan á selección. A convocatoria está aberta todo o ano, e dependendo das propostas recibidas, a CA convoca a oferta.

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudiantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.


Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Queremos salientar a dificultade que supón para facer este informe que non existen datos actualizados so SIU do curso obxecto do informe. Os datos que presentamos están elaborados pola coordinación do M2i.

O perfil de ingreso recomendado na MVT está dispoñible na [web propia](#):


- Graduados en Matemáticas e Física
- Graduados da área de Enxeñería e Arquitectura
- Graduados da área de Ciencias e graduados en Economía e Administración de Empresas


A análise do perfil recóllense con detalle [no autoinforme de renovación da acreditación](#) (a partir da páxina 24). Actualízanse os datos dos últimos cursos, número de estudantes e o perfil total de ingreso que se sigue axustando ao da MVT, como se aprecia nos seguintes gráficos:



Perfil de ingreso da promoción que comezou en 2018-2019 e do total das promocións.

A continuación facilitanse os datos dos perfís de entrada da promoción 2018/19 e o número de estudantes matriculados en cada unha das 5 universidades en cada curso. Complementábase a información cos datos por universidade de orixe, en España e fora de España, salientando a atracción internacional do título.







	USC	UDC	Uvigo	UC3M	UPM	Totales
2013-2014	12	8	6	0	0	26
2014-2015	14	2	6	7	4	33
2015-2016	21	5	7	8	13	54
2016-2017	12	7	4	8	7	38
2017-2018	14	5	5	6	13	43
2018-2019	12	1	4	15	17	49

■ 2013-2014 ■ 2014-2015 ■ 2015-2016 ■ 2016-2017 ■ 2017-2018 ■ 2018-2019


Universidades de procedencia en España dos estudiantes do M2i:



Universidades de procedencia en España en todos os anos de impartición do M2i.



Universidade de procedencia fóra de España:



No autoinforme de [renovación da acreditación](#) (a partir da páxina 28) fíxose unha análise sobre este aspecto, que se mantén vixente, pois a aplicación das distintas normativas nas diferentes sedes non suscitou ningunha cuestión relevante no último curso.

No curso 2019-2020 cambiáronse os convenios de prácticas froito da nova normativa na UPM. Os novos acordos están sendo modificados colectivamente polas universidades: USC, UDC, UVigo, UC3M e UPM.

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No [autoinforme de renovación da acreditación](#) (a partir da páxina 30) fíxose unha análise detallada da información pública do título nas diferentes sedes que se mantén vixente. Ademais, actualizouse a información relativa a acreditación do título e revisouse de novo a información pública mínima, polo que se considera que os mecanismos establecidos están funcionando correctamente.

Con posterioridade publícanse todos os informes de seguimento e mantense a actualización da web colectiva

(<http://www.m2i.es/?seccion=calidad>) e a das diferentes universidades.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No [autoinforme de renovación da acreditación](#) (a partir da páxina 30) fíxose unha análise detallada da información pública do título nas diferentes sedes que se mantén vixente. Ademais, actualizouse a información relativa a acreditación do título e revisouse de novo a información pública mínima, polo que se considera que os mecanismos establecidos están funcionando correctamente.

Con posterioridade publícanse todos os informes de seguimento e mantense a actualización da web colectiva (<http://www.m2i.es/?seccion=calidad>) e a das diferentes universidades.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvolveuse de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Matemáticas da USC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa e realizar unha análise, como se pon de manifesto tras a acreditación favorable de todos os títulos da Facultade en diferentes cursos. Así mesmo, permite detectar áreas de mellora e levar a cabo accións para aumentar a calidade das ensinanzas que se imparten na Facultade.

No [autoinforme de renovación da acreditación](#) (a partir da páxina 36) fíxose unha análise detallada do SGC.

Os másteres interuniversitarios, que contan cunha complicación na súa xestión, están funcionando de xeito coordinado e a implantación de accións de mellora é homoxénea en todos os centros onde se imparten pois supervísase a través das comisións interuniversitarias.

En relación coas suxestións e reclamacións, durante o curso 2018-2019 o máster en Matemática Industrial non presentou ningunha incidencia.

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como se menciona no aspecto anterior, o Sistema de garantía de calidade da Facultade de Matemáticas permite detectar accións de mellora, implantalas e realizar o seu seguimento, promovendo a mellora continua dos seus títulos. No caso concreto do Máster en Matemática Industrial, a recente renovación da súa acreditación e o plan de melloras remitido no marco dese proceso son evidencias de que o SGC da facultade está implantado e é eficaz.

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O SGC revísase periodicamente, de acordo ao establecido na documentación que o conforma. Ademais, en febreiro de 2018 foi aprobado na USC un novo sistema marco polo que a Comisión de Calidade debe detectar agora os axustes a realizar na documentación do centro.

Por outra banda, a Facultade de Matemáticas da USC iniciou proceso de certificación da implantación do seu Sistema durante o curso 2018-2019, co obxectivo de acadar a acreditación institucional cando se poña en marcha.

En decembro de 2019 procedeuse á Adaptación do Sistema de garantía de calidade da Facultade de Matemáticas á modificación do sistema marco aprobada o 22/02/2018 e preparación do proceso de certificación do SGC. O confinamento do ano 2020 e a pandemia impediron finalizar o procedemento como estaba previsto no ano 2020.

Desde o curso 2018-19, a Facultade de Informática da UDC ten a acreditación institucional, polo que os informes de seguimento refírense ás súas titulacións propias e só inclúen algúns datos locais dos títulos coordinados por outras universidades (caso do M2i).

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grao, a prácticas externas e asociado ao Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Foi detallado no [autoinforme de renovación da acreditación](#) (a partir da páxina 40) e non houbo cambios relevantes.

A modo de exemplo, e ante a non actualización dos datos do SIIU para estes datos, compártense os datos da USC onde a baixada de persoal funcionario na USC no curso 2016-17 foi froito da incorporación de persoal en formación, e polo tanto un indicador positivo de renovación.

Código	IN26M-PS-01
Nome	Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total
Procedemento de Cálculo	Relación porcentual entre o PDI funcionario e o PDI total con docencia no título. Achega información sobre o perfil do profesorado.

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Total (%)	89,47	80,95	81,82	77,27	80,00	73,91

No [autoinforme de renovación da acreditación](#) na páxina 43 dáse conta do 100% de doutores nas UDC, Uvigo, UC3M e UPM, na seguinte táboa apréciase como ese valor foi acadado tamén na USC no ano obxecto do informe.

Código	IN25M-PS-01
Nome	Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total
Procedemento de Cálculo	Relación porcentual entre o PDI doutor e o PDI total con docencia no título. Achega información sobre o perfil do profesorado.

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
Total (%)	94,74	90,48	95,45	95,45	100,00	91,30

Presentamos o M2i á Convocatoria para a concesión de mención de excelencia a titulacións universitarias oficiais de máster, impartidas polas universidades do Sistema universitario de Galicia. Recollemos os datos relativos ao profesorado que presentamos a dita convocatoria, os datos corresponden a xaneiro de 2020.

- Méritos relevantes do profesorado permanente

O [equipo docente](#) do Máster en Matemática Industrial conta na actualidade con 75 profesores (72% de homes e 28% de mulleres). A maioría están adscritos a departamentos das cinco universidades organizadoras do máster, e a súa distribución segundo categoría profesional pode verse na seguinte táboa:

Catedráticos/as de universidade:	12 %
Profesores/as titulares de universidade:	52 %
Profesores/as contratados/as doutores:	8 %
Outras categorías:	28 %

Ademais, a súa experiencia docente queda demostrada polo **número de quinquenios**, cun valor medio de **3,5**, que representa máis de quince anos de actividade. Esta foi recoñecida en distintas ocasións, como o avalan os dous [premios Leonardo](#) á excelencia docente e o **oito premios á calidade docente**, ambos da **USC**.

Máis do 85% dos profesores son **doutores**, activos en tarefas de investigación e cunha media próxima ao **tres sexenios de investigación**. A seguinte táboa resume os **valores medios** dalgúns indicadores:

Publicacións en JCR:	24	Citas (Google Scholar):	413	Citas (Scopus):	244
Publicacións en Q1:	14	Índice H (Google Scholar):	11	Índice H (Scopus):	8

Estes datos están extraídos dunha **breve enquisa realizada recentemente** aos membros do equipo docente; un 70% deles contestou á mesma, aínda que non todos teñen aberto un perfil en *Google Scholar* ou *Scopus*. Estes bos resultados no ámbito da investigación son, en parte, consecuencia da participación en **proxectos competitivos de convocatorias autonómicas, nacionais e europeas**, onde todos os membros do equipo docente implicámonos nos respectivos grupos de investigación. Aínda que en menor medida, algúns profesores teñen tamén resultados en forma de **patentes** (máis de doce) e/ou **registros de software**, o que avala unha vez máis o perfil do equipo docente para impartir o M2i.

Ademais da adscrición aos departamentos, algúns profesores están tamén adscritos a **institutos ou centros de investigación**: [Instituto de Matemáticas](#) da USC (11 investigadores), [Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial da USC, ITMATI](#) (16 investigadores), [Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e a Comunicación da UDC, CITIC](#) (9 investigadores), [Instituto Gregorio Millán Barbany](#) da Universidade Carlos III de Madrid (10 investigadores). Mesmo cinco profesores do máster foron promotores da creación de ITMATI en 2013. Estes centros teñen como obxectivos **a investigación e a transferencia** ás empresas, o que é unha mostra de que os profesores do M2i adscritos a eles implicanse tamén en **tarefas de transferencia** a través de convenios con entidades públicas e privadas. Aínda que non hai datos definitivos sobre **sexenios de transferencia**, sabemos que algúns profesores do M2i xa recibiron unha avaliación positiva.

A **xestión universitaria** é outra das tarefas en que os docentes nos vemos implicados. Neste sentido, entre os profesores do M2i contamos con persoas que ocuparon ou ocupan cargos de xestión, sen contar os relativos ao M2i, como o de reitor (1), vicerreitores (3), decano/a de facultade (3), director/a de departamento (5) e director/a de instituto universitario (2).

O **labor docente** leva asociado un bo número de responsabilidades ao redor do ensino, que non están catalogadas como cargos de xestión en todas as universidades. No caso do M2i, a seguinte táboa mostra os números de profesores que realizaron algunha vez as responsabilidades indicadas:

Coordinadores de materias:	35
Titores de estudantes:	27
Titores académicos de TFM:	37
Membros de tribunais de TFM:	35
Titores de prácticas en empresa:	11
Coordinadores/as do M2i na universidade: desde o inicio do máster:	9
na actualidade:	5
Membros da comisión académica: desde o inicio do máster:	10
na actualidade:	6

O labor docente e investigador do profesorado viuse recoñecida con distintos premios e mencións: [Wacker Prize](#) do European Consortium for Mathematics in Industry (ECMI), premios extraordinarios de doutoramento (4), Premio David Crighton da Cambridge University, [Premio María Josefa Wonenburger Planells](#) da Xunta de Galicia, [premios ao Xove Investigador](#) da Sociedade Española de Matemática Aplicada (3), un premio á divulgación da [Sociedade Española de Matemática Aplicada](#), un [premio da Eurasian Association on Inverse Problems](#) e un [premio á transferencia de tecnoloxía en Galicia](#) (2019), outorgado pola Real Academia Galega de Ciencias.

- Adecuación do currículo docente e investigador do profesorado cos contidos que imparten no máster

A área de coñecemento Matemática Aplicada, intimamente relacionada coa temática do máster, é a que agrupa ao groso de profesores; outras áreas de coñecemento son Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial, Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores, Mecánica de Flúidos ou Teoría do Sinal e as Comunicacións, por exemplo. Todas estas áreas son tamén perfectamente acordes con materias e actividades formativas do máster: Enxeñaría do Software, Arquitectura de Computadores e Sistemas Operativos, Mecánica de Flúidos, Acústica ou Electromagnetismo, entre outras.

Esta ligazón coa docencia no máster vese reflectida tamén na actividade investigadora: as **revistas** onde publican os seus artigos están clasificadas no JCR nas seccións de Matemáticas, Matemática Aplicada, Acústica, Física Aplicada e distintas seccións de Enxeñaría.

No ano 2019 tivo lugar en Valencia o **9th International Congress on Industrial and Applied Mathematics (ICIAM 2019)**, coa presenza de preto de 4000 profesionais de todo o mundo. Entre os nove membros do Executive Committee estaban tres profesores do M2i, liderando os comités temáticos de *Fundraising*, *Industrial Advisory* y *Travel support*. Asemade o único conferenciante plenario español foi o profesor [Alfredo Bermúdez de Castro](#), primeiro coordinador xeral do M2i. No evento un bo número de membros do equipo docente e egresados presentaron os seus traballos e lideraron minisimposia. Salientar especialmente a organización e participación no [Industrial Day](#).

- Prestixio e recoñecemento do profesorado procedente doutras universidades ou doutros conferenciantes externos

Desde que se implementou a primeira edición do máster, a presenza de profesorado alleo ás cinco universidades organizadoras reduciuse sensiblemente debido a xubilacións, cambios de traballo ou ás dificultades para remunerar as horas de docencia por falta de fondos destinados ao devandito fin (normalmente, son os grupos de investigación quen asumen ese gasto). Na actualidade hai oito profesores provenientes de institucións como o CSIC, o CESGA ou o Banco de Santander, por exemplo.

O motivo de contar con estas persoas é a súa profunda experiencia en distintos campos intimamente relacionados con algunhas materias. Tres investigadores do CSIC, en particular do [grupo de Enxeñaría de Procesos](#), colaboran na docencia da materia "[Optimización e control](#)"; ademais, algúns deles obtiveron a súa tese doutoral no programa "[Métodos matemáticos e simulación numérica en enxeñaría e ciencias aplicadas](#)", organizado desde 2003 polos grupos de investigación que

participan no máster desde as universidades galegas. O investigador do [CESGA](#) participa na docencia da materia "[Cálculo paralelo](#)", e a persoa do Banco de Santander colabora na materia "[Software profesional en finanzas](#)".

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Foi detallado no [autoinforme de renovación da acreditación](#) (a partir da páxina 45) e non houbo cambios relevantes, foi comunicado ao novo equipo reitoral da USC a necesidade de contar con máis persoal de apoio que facilite o intercambio de información interuniversitaria á espera de que as universidades o axilicen e da necesidade de apoio para o sistema de videoconferencia.

Incidimos no oportuno da Acción de mellora (AM-01. Mellorar a Xestión de títulos interuniversitarios) dentro do Plan de melloras da USC curso2018-19, por ser a universidade coordinadora.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistencias e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oríéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Foi detallado no [autoinforme de renovación da acreditación](#) (a partir da páxina 47) e non houbo cambios relevantes.

Nos diferentes centros nos que se imparte mantéñense as infraestruturas. Salientamos especificamente no curso 2018-2019:

- A Acción de mellora [AM-2](#), da que é responsable a UPM, segunda sala de videoconferencia cun equipo máis moderno, xunto coa posta a punto dun sistema para facer posible gravación desde calquera sede, para o curso 2019-20.
- A Acción de mellora [AM-3](#), da que é responsable a USC, que propón a renovación do equipo empregado maioritariamente polos docentes e, na medida do posible, os dos estudantes.

Actualmente as universidades galegas están a definir procedementos de coordinación para manter os sistemas de videoconferencia, estratéxicos para impartir este título, como se recolle nas Accións [AM-1](#) e [AM-4](#) do curso 2018-2019. Proponse a extensión da mesma ao curso 2019-20. Contar con este equipos posibilitou o desenvolvemento técnico do M2i no confinamento con normalidade.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Foi detallado no [autoinforme de renovación da acreditación](#) (a partir da páxina 53) e non houbo cambios relevantes á vista dos resultados do curso 2018-19.

A análise dos indicadores de resultados sen a actualización so SIIU non é doada, xa que require que a Coordinación do M2i calcule as taxas de todas as materias, o que demora tamén a realización do informe. As táboas que compartimos foron analizadas pola CA do M2i e consideramos que foron alcanzados os resultados da aprendizaxe. En este informe actualizamos datos dos informes presentados en cursos anteriores, por finalmente datos do SII, pero non se dispón dos datos do curso obxecto do informe que foron calculados polos coordinadores ou proporcionados polas áreas de calidade das diferentes universidades.

Os resultados son similares aos analizados no autoinforme de renovación da acreditación (a partir da páxina 53). Como foi analizado no informe citado os estudantes matricúlanse dun número de ECTS superior ao que precisan para titularse, o que xustifica o número de non presentados en certas materias.

No curso 2018-2019 analizamos cos estudantes nas diferentes sedes a carga de traballo nos cuadrimestres, o que nos levou a propor a Acción de mellora AM-5. Trátase de facer máis compatible o feito de non poder impartir clase en ningunha das sedes cando hai algún festivo, co número de horas por ECTS, e os calendarios de exames. Igual que no segundo cuadrimestre temos materias bimestrais, no primeiro tentaremos implantar por acordo entre docentes e estudantes que en materias cos dúas partes diferenciadas en novembro se realizan os exames finais das primeiras partes para repartir mellor a carga de traballo no primeiro cuadrimestre.

O indicador **IN13 Taxa de rendemento**, calculado como a porcentaxe entre número de créditos ordinarios superados dividido entre créditos ordinarios matriculados (excluídos adaptados, recoñecidos ou validados), presenta os resultados que se mostran na seguinte táboa. Na Memoria de Verificación do Título asignámoslle un valor do 70% para o M2i, este valor alcanzouse no curso obxecto do informe.

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
U. de Santiago de Compostela	94,42	92,25	94,09	89,42	93,06	85,62
Universidade da Coruña	89,93	74,48	83,77	87,64	81,48	100,00
Universidade de Vigo	54,78	79,02	80,12	57,55	51,02	60,00
Universidad Carlos III de Madrid	-	97,62	93,00	89,32	74,73	91,80
Universidad Politécnica de Madrid	-	100,00	77,67	78,70	79,10	93,68
Total (%)	83,78	88,31	86,67	80,96	79,50	d.n.d.

O indicador **IN14 Taxa de éxito**, calculado como a porcentaxe entre número de créditos ordinarios superados divididos entre créditos ordinarios presentados (excluídos adaptados, recoñecidos ou validados), presenta os resultados que se mostran na seguinte táboa e na gráfica correspondente, para facilitar a súa interpretación. Na Memoria de Verificación do Título non se contemplaba como tal este indicador. Os resultados móstranse na táboa. Son moi positivos globalmente en cada curso académico e por universidade.

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
U. de Santiago de Compostela	100,00	99,48	99,43	99,54	99,08	96,90
